

## 1. Que é a ESO?

A ESO (Educación Secundaria Obligatoria) é unha nova etapa educativa a continuación da Educación Primaria, que se cursa dende os 12 ós 16 anos.

Estrutúrase en **dous ciclos**:

O primeiro ciclo consta de tres cursos (1º, 2º e 3º), e o segundo ciclo consta dun só curso, 4º de ESO.

As **finalidades** desta etapa educativa son:

1. Adquirir unha cultura básica.
2. Formarse como cidadáns, cos seus dereitos e obrigas.
3. Desenvolver hábitos de estudo e de traballo.
4. Prepararase para incorporarse a estudos posteriores.

### HORARIO

IES. Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa.

De luns a venres (mañás)- 8:50---14:30

Mércores (tarde) 16.00 -17:40.

IES. Laxeiro.

De luns a venres (mañás)- 8:55---14:35

Luns (tarde) 16.00 -17:40.

## 2. As materias que se estudan en ESO:

En cada curso da ESO hai un conxunto de materias que todo alumno debe cursar obrigatoriamente (troncais) e outras chamadas opcionais.

<b>1º ESO</b>	<b>2º ESO</b>	<b>3º ESO</b>
1) Bioloxía e Xeoloxía (4h)	1) Física e Química (3h)	1) Bioloxía e Xeoloxía (2h)
2) Xeografía e Historia (3h)	2) Xeografía e Historia (3h)	2) Física e Química (2h)
3) Lingua Castelá e Literatura (4h)	3) Lingua Castelá e Literatura (3h)	3) Xeografía e Historia (3h)
4) Lingua Galega e Literatura (4h)	4) Lingua Galega e Literatura (3h)	4) Lingua Castelá e Literatura (3h)
5) Matemáticas (5h)	5) Matemáticas (5h)	5) Lingua Galega e Literatura (3h)
6) Primeira Lingua Estranxeira (3h)	6) Primeira Lingua Estranxeira (3h)	6) Primeira Lingua Estranxeira (3h)
7) Educación Física (2h)	7) Educación Física (2h)	7) Educación Física (2h)
8) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h)	8) Música (2h)	8) Música (2h)
9) Segunda Lingua Estranxeira (2h)	9) Tecnoloxía (3h)	9) Tecnoloxía (2h)
10) Materia de reforzo ou afondamento (1h)	10) Segunda Lingua Estranxeira (2h)	10) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h)
11) Tutoría (1h)	11) Materia de reforzo ou afondamento (1h)	11) Tutoría (1h)
ELIXIR UNHA	12) Tutoría (1h)	ELIXIR UNHA
1) Relixión (1h)	ELIXIR UNHA	1) Matemáticas académicas (4h)
2) Valores Éticos (1h)	1) Relixión (1h)	2) Matemáticas aplicadas (4h)
	2) Valores Éticos (1h)	ELIXIR UNHA
		1) Segunda Lingua Estranxeira (2h)
		2) Cultura Clásica (2h)
		ELIXIR UNHA
		1) Relixión (1h)
		2) Valores Éticos (1h)

En 4º de ESO deberase escoller novas materias e ademais unha das dúas alternativas:

1. **Ensinanzas académicas:** Para o acceso a bacharelato.
2. **Ensinanzas aplicadas:** Para o acceso ás ensinanzas de formación profesional.

## 3. Tutoría:

Cada grupo na Educación Secundaria Obligatoria ten asignado un profesor titor/a que ten as seguintes funcións:

- ✚ Coordinar a avaliación e o proceso de aprendizaxe do alumno.
- ✚ Servir de canle de comunicación entre os alumnos e os demais membros da comunidade educativa.
- ✚ Orientar aos alumnos nas opcións académicas e profesionais máis acordes coas súas capacidades e intereses.
- ✚ Informar ás familias do desenvolvemento do alumno no centro.

O teu titor/a será unha figura moi importante ao longo da ESO, e aínda que cambiará en cada curso, será a persoa que mellor te coñeza e a quen debes acudir cada que precises algún tipo de axuda ou información.



Ó chegar ó Instituto, o teu titor ou titora axudarache a resolver todas as dúbidas que teñas, e será o teu guía para integrarte e adaptarte ao novo centro.

## 4. Avaliación e Promoción:

Consiste en valorar se os alumnos acadan os obxectivos educativos establecidos nas diferentes materias. A valoración exprésase igual que en primaria, mediante cualificacións numéricas: O alumno/a deberá ter aprobadas todas as materias para promocionar de curso cunha nota mínima de 5. Só se poderá promocionar de curso cun máximo de 2 materias suspensas, sempre que non sexan Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

Na ESO só se pode repetir unha vez cada curso académico, e un total de dúas veces en toda a etapa.

## ESTRUTURA DO NOVO SISTEMA EDUCATIVO



**A dirección xunto co profesorado do CEIP Xesús Golmar desexan que lembredes con agarimo o paso pola escola e sigades aprendendo con ilusión para acadar un mundo mellor**

**BOA SORTE!!!**

**ANIMO!!!**

[ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)

## GUÍA DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA PARA 6º DE PRIMARIA



**Dpto. Orientación**